

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

## 1. Introducción

A materia de Latín é unha das tres materias de opción que o alumnado de 4 da ESO pode escoller entre as dez que establece o curriculum da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta materia vai permitir ao alumnado avanzar e consolidar cada un dos 14 obxectivos de etapa que están establecidos no Decreto 156/2022 (DOGA do 26 de setembro de 2022).

A finalidade desta materia consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo; así como hábitos de vida saudables, preparándoos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral; e formalos para o exercicio dos seus dereitos e das obrigas da vida como cidadás e cidadáns.

Esta materia está organizada arredor dos distintos aspectos da lingua, a cultura e a civilización latinas. É unha Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018 a inclusión do estudo das linguas clásicas, latín e grego, como competencias clave para a aprendizaxe permanente

Esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, que representarán o 70 % do peso na cualificación final, fronte aos contidos de tipo históricos, social, cultural, etc., que representarán o 30 %. As unidades didácticas que teñen como finalidade dotar ao alumnado destes coñecementos básicos. Todo este coñecemento básico sobre a historia de Roma, formas de goberno, etc., facilitará que o alumnado poida entender e acceder mellor aos contidos dos textos, tanto en latín como en tradución que sexan obxecto de traballo; por iso poderán ser tratados ao longo do curso en máis dunha ocasión. Os contidos lingüísticos requiren, normalmente, a aplicación dunha avaliación progresiva, dado que os contidos dunha unidade son tratados na seguinte e así sucesivamente. Así pois, o conxunto das unidades didácticas que conforman a 2.ª e 3.ª avaliacións achega o 70 % da cualificación final e, ademais, entre elas estarán ponderadas, aportando a 3.ª sempre máis cá 2.ª.

Con respecto ós contidos gramaticais, a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato, pero tamén debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, vanse abordar uns contidos reducidos para potenciar, porén, a aprendizaxe non reflexiva da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, o caso, mais non todos os modelos flexivos do nome. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar fórmulas ou expresións idiomáticas. Déixanse para outros cursos, pois, as formas non persoais do verbo, coa excepción de infinitivo de presente activo e un primeiro achegamento ás construcións de infinito con acusativo, e o achegamento ás construcións de participio que inda hoxe en día estamos a utilizar. Tamén adicarase tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos (os de coordinación en xeral e, dentro da subordinación, quia, cum e dum con indicativo) e os adverbios (aquí incluída a súa formación). O que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	1-2	2-3	1	1	1	1		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.	2	2-3	1	2	2	2	3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2-3	1-2-3	1-3	1-2	4	1		1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A civilización latina. Perspectiva histórica e legado.	Nesta UD hase procurar un achegamento á xeografía, historia, sociedade, sistemas políticos e manifestacións artísticas de Roma dende un punto de visto crítico, destacando, por unha banda, aqueles aspectos positivos da civilización romana que poden servir de modelo para a sociedade actual, sen ocultar, pola outra, todos aqueles outros que entran en conflito cos valores dunha sociedade libre e democrática. Hase facer tamén unha	10	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A civilización latina. Perspectiva histórica e legado.	especial referencia ao concepto de humanismo e á recuperación do mundo clásico a partir do século XIV. Paralelamente hase insistir na importancia do legado do mundo clásico na sociedade europea e occidental en xeral: sistemas políticos e institucións, artes en xeral (especial referencia á importancia da mitoloxía nas artes plásticas).	10	12	X		
2	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado.	Nesta UD preténdese un achegamento á literatura latina no seu conxunto e á importancia da lingua latina como vehículo de expresión non soamente da literatura senón de toda actividade humana, con incidencia especial na lexislación e saber científico. Paralelamente hase ver a influencia da literatura clásica no presente e traballar técnicas básicas de comentario de texto histórico-literario sobre textos clásicos breves en tradución.	10	12	X		
3	Introdución á lingua latina.	Nesta UD preténdese introducir aspectos básicos da lingua latina: orixe, parentesco con outras linguas europeas e do resto do mundo, abecedario, pronuncia, evolución do latín ás linguas románicas peninsulares, diferenzas entre palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos e latinismos.	5	9	X		
4	Aproveitamento da lingua latina para unha mellor expresión.	Neste UD preténdese un achegamento á lingua latina como ferramenta para mellorar a comprensión das linguas coñecidas polo alumnado e a súa capacidade de expresión, tanto oral como escrita, tanto na lingua propia como noutras nas que se poida expresar. Especial atención a prefixos e raíces, e aos latinismos máis frecuentes.	5	8	X		
5	Introdución a aspectos básicos de gramática.	Nesta UD preténdese que o alumnado repase dun modo básico conceptos elementais e xerais de morfoloxía e sintaxe adquiridos noutras materias e que se familiarice con novos conceptos. É importante entender que o obxectivo é fundamentalmente consolidar coñecementos adquiridos noutras materias, establecendo equivalencias en caso de discrepancias terminolóxicas e procurando facer comprender categorías gramaticais alleas ao alumnado como é o caso.	2	6		X	
6	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	Nesta UD preténdese que o alumnado domine de modo automático unhas mínimas fórmulas básicas da lingua latina como o saúdo, a despedida, frases para expresar que non entende algo, que quere	5	8		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	que se repita, fórmulas de petición de permiso para ir ao baño, saír da aula, etc. O obxectivo é que interiorice certas expresións idiomáticas asociadas a determinados contextos. Aquí pódense introducir aspectos como as cores, os tamaños, etc, sempre vinculados a preguntas e respostas básicas na vida diaria. O que se propón é a integración na aula do AIM (Método Integrado Acelerado), que relaciona palabras e expresións a contextos e, sobre todo, xestualidade. O aprendido nesta UD é moito importante de cara ao resto do curso, porque supón o soporte da comunicación básica na aula entre profesorado e alumnado.	5	8		X	
7	Lingua latina I.	Nesta UD o alumnado toma contacto por primeira vez coa lingua latina a través da lectura de textos adaptados. É fundamental o traballo de lectura, acentuación e pronuncia correctas, para que dun modo natural o alumnado vaia consolidando unha memoria auditiva das palabras de uso habitual. En morfoloxía nominal hanse tratar os xéneros, casos nominativo, xenitivo e ablativo, en substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinacións nos números singular e plural. En morfoloxía verbal o presente de indicativo do verbo sum e dos verbos da 1ª, 2ª e 4ª conxugacións nos números singular e plural. Será moito importante xa dende o principio asociar os casos aos pronomes-adxectivos interrogativos. Paralelamente hanse adquirir a través do uso e da práctica o primeiro vocabulario latino, con especial atención a preposicións e conectores.	7	10		X	
8	Lingua latina II.	Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical na morfoloxía nominal hanse tratar o caso acusativo en singular e plural nos substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinacións. En morfoloxía verbal o presente de indicativo dos verbos da 3ª conxugación. Paralelamente hanse seguir a adquirir a través do uso e da práctica o primeiro vocabulario latino, con especial atención a preposicións, conectores e adverbios.	11	10		X	
9	Lingua latina III.	Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar:	12	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Lingua latina III.	<p>1. Na morfoloxía nominal o vocativo e o dativo con repaso completo do paradigma da 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> declinacións. Farase aquí tamén unha sistematización do pronome is ea id, introducido progresivamente nas UD anteriores, e un repaso sistemático do pronome interrogativo qui/quis, quae, quod/quid, fundamental para consolidar o uso dos casos.</p> <p>2. Na morfoloxía verbal o imperativo de presente das catro conxugacións. Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores, con especial atención a preposicións, conectores e adverbios.</p>	12	10			X
10	Lingua latina IV.	<p>Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar:</p> <p>1. Na morfoloxía nominal a 3.<sup>a</sup> declinación (parisílabos e imparisílabos de xénero non neutro).</p> <p>2. Na morfoloxía verbal o pretérito imperfecto.</p> <p>3. Afondamento no uso das preposicións, adverbios e conectores. Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores.</p>	15	10			X
11	Lingua latina V.	<p>Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar:</p> <p>1. Na morfoloxía nominal a 3.<sup>a</sup> declinación (neutros e adxectivos tipo brevis -e); a sistematización dos adxectivos 2-1-2; 3-3,</p> <p>2. Conxuncións temporais CVM e DVM.</p> <p>3. Afondamento no uso das preposicións, adverbios e conectores. Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores. A nivel sintáctico hase introducir a construción de acusativo con infinitivo.</p>	18	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A civilización latina. Perspectiva histórica e legado.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os períodos da historia de Roma e os acontecementos e personaxes máis salientables dos mesmos, relacionando os datos con referentes actuais.	PE	30
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais especialmente salientables do presente, identificando as semellanzas e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.	TI	70
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer as pegadas máis salientables da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, valorando a importancia da súa conservación.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo.</li> <li>- Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade.</li> <li>- Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura.</li> <li>- Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos.</li> <li>- Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.</li> <li>- Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana.</li> <li>- Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado.	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron.	PE	35
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	TI	65
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais dun texto, contextualizándoo e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións literarias máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización romana, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica.</li> <li>- Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión...</li> <li>- Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia.</li> <li>- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Introdución á lingua latina.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	PE	50
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	TI	50
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.</li> <li>- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Aproveitamento da lingua latina para unha mellor expresión.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	100
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Introdución a aspectos básicos de gramática.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal.</li> <li>- Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.	PE	90
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	10
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> </ul>

### Contidos

- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
7	Lingua latina I.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.
- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.
- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.
- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
8	Lingua latina II.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	12
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúdo e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Lingua latina III.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpreta textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
10	Lingua latina IV.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	12
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.
- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.
- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
11	Lingua latina V.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpreta textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.	PE	88
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortésia lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	12
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.</li> <li>- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.</li> <li>- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.</li> <li>- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.</li> <li>- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.</li> <li>- Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino.</li> <li>- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.</li> <li>- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.</li> <li>- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.</li> <li>- Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc.</li> </ul>

## Contidos

- Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Latín de 4.º de ESO debe, por unha banda, continuar a afondar na tradición clásica e ser, en certa medida, unha continuación da materia de Cultura Clásica para o alumnado que a cursase en 3.º de ESO, ou, no caso de que se cursen paralelamente ambas as dúas en 4.º, seren complementarias.

A programación que se propón segmenta o curso en dúas partes de desigual duración. Os primeiros catro temas están centrados en aspectos de historia, cultura, tradición, arte e historia da lingua. O que se pretende é que o alumnado consolide contidos que en teoría e na súa meirande parte xa coñece polo seu tratamento noutras materias, mais que agora cómpre refrescar e, sobre todo, relacionar.

A UD1 préstase para a utilización dunha metodoloxía mixta na que se mesture a explicación da/o profesora/- cos traballos e/ou actividades dirixidas. A elaboración de esquemas básicos de temporalización da historia de Roma ou das clases sociais, préstanse especialmente para que o alumnado utilice aplicacións ofimáticas que lle permitan presentar esquemas ou liñas de tempo en formato electrónico. A comparación e reflexión sobre as diferenzas entre o mundo antigo e o moderno pode favorecer traballos de reflexión escritos ou ben o debate guiado pola/o profesora/-. En todo caso, hai que entender que os contidos desta UD pódense tratar ben nunha unidade didáctica, como se propón aquí, ben distribuíndoos entre outras ou intercalando o seu desenvolvemento entre outros temas.

A UD2 segue na liña da anterior se ben centrándose na literatura. Neste curso é recomendable que a/o profesora/- faga unha breve presentación dos xéneros literarios do mundo antigo e propoña unha selección de fragmentos para que o alumnado poida ler e, despois, esta lectura dea lugar ben a traballos de reflexión ou a debates que teñan como eixo argumental a comparación entre os xéneros literarios modernos e os clásicos. É importante, tamén, que se fagan comentarios simples de textos, nos que se aproveite todo o coñecemento adquirido polo alumnado en materias como Lingua Castelá ou Lingua Galega. Máis cá lectura de textos afastados dos gustos do alumnado, como a épica ou a historiografía, sería unha boa idea apostar por textos de teatro, poesía intimista non recargada de referencias mitolóxicas (por exemplo Catulo nos seus poemas breves) e cartas curtas de natureza filosófica (por exemplo Séneca ou Plinio o Novo), que traten temas como as contradicións do amor, o paso do tempo, etc., que poden conectar co alumnado desta idade.

A UD3 debe fornecer o alumnado cunha visión de conxunto do latín (sincrónica e diacronicamente). Como nas unidades didácticas anteriores o profesorado pode combinar a explicación na aula con propostas de traballos en grupo ou individuais. A explicación das relacións das linguas do mundo en xeral e de Europa e a península Ibérica en particular débese facer dun modo breve, a través de exercicios de aula. É de fundamental importancia nesta unidade que o alumnado comprenda perfectamente a relación das dúas linguas habituais na nosa comunidade, galego e castelán, co latín a través dos conceptos de étimo, palabra patrimonial, palabra culta, semiculta e latinismo. Para isto é conveniente a realización de numerosos exercicios onde o alumnado teña que distinguir os tipos de palabras previamente mencionados. Un exercicio interesante sería a identificación destes tipos de palabras en textos de traballo seleccionados na UD2. Finalmente é preciso que o alumnado, tamén a través da práctica, desenvolva estratexias de reconstrución de palabras latinas a través dos seus resultados románicos en linguas como o castelán, o galego e o francés, do que a meirande parte do alumnado terá algún coñecemento. É especialmente importante destacar que non se debe procurar tanto o acerto completo na reconstrución do étimo, como a aplicación de leis fonéticas regulares. A UD3 tamén é importante porque aquí o alumnado debe tomar un primeiro contacto coa fonética da lingua latina, tanto no que atinxe ao valor das letras que integran o seu abecedario, como aos cambios na pronuncia que de letras e grupos de letras se produce durante a latinidade. Un exercicio estupendo e moi fácil de levar a cabo é o de mostrar ao alumnado como soaría, aproximadamente, un mesmo texto lido por un falante da Roma do s. I a. C. e por outro do s. V d. C. Finalmente sería importante facer referencia á pronuncia eclesiástica, que mantén un estado de lingua derivado da propia latinidade tardía.

A UD4 é o momento para explicar ao alumnado a grande cantidade de material lingüístico, especialmente prefixos, que utiliza diariamente na súa lingua e que están tomados directamente do latín. A partir de exercicios nos que o alumnado identifique prefixos en palabras de uso frecuente, pode chegar a deducir o valor do prefixo e a entender a causa da súa presenza en palabras nas que a simple vista non se aprecia o seu valor. Tamén, co mesmo sistema de exercicio, pódese aprender ao alumnado o valor etimolóxico de certas raíces presentes en moitas palabras das linguas de referencia. Para isto é recomendable a creación de exercicios específicos nos que a/o docente individualice os prefixos e familias de palabras a traballar. Esta unidade didáctica pode ser secuenciada ao longo do curso e vinculada a outras. Aínda que na práctica a aprendizaxe do valor de prefixos, raíces e sufixos desenvólvese

progresivamente, porén, parece aconsellable dedicar unha unidade didáctica a conformar uns fundamentos mínimos e, sobre todo, a desenvolver a capacidade de identificación e dedución a partir da comparación sistemática entre palabras que presentan un elemento común.

A UD5 é unha unidade basicamente de repaso, consolidación e reorganización de conceptos teóricos que o alumnado debe traer xa doutras materias. Aínda que o método de ensino de latín que se recomenda para 4.º de ESO incide na aprendizaxe activa e intuitiva da lingua, o alumnado en 4.º de ESO ten que dominar unha serie de conceptos teóricos morfo-sintácticos que deben ser repasados, unificados e consolidados: tipos de palabras, concepto de categoría gramatical, categorías gramaticais propias de cada tipo de palabras, diferenciación entre morfoloxía e sintaxe, funcións básicas das palabras, o concepto de oración composta, a diferenza entre coordinación e subordinación, tipos básicos de coordinación e subordinación. A isto hai que sumar, como novidade, o concepto de caso e declinación, que debe ser introducido dun modo simple para que, posteriormente, cando comece a usar e aprender a lingua latina, entenda por que dentro dunha mesma categoría gramatical perfectamente coñecida, como o número, unha mesma palabra en singular, por exemplo, presenta varias formas distintas (discipulus, discipulum, etc.). Aconséllase aquí termar do único resto vivo de declinación que subsiste en galego e castelán, o sistema pronominal, para facer entender que iso tan estraño a primeira vista é un recurso que o alumnado utiliza de modo natural nas súas linguas de repertorio.

A UD6 supón o inicio do contacto do alumnado coa lingua latina dun modo real e funcional. Aínda que neste modelo de programación aparece secuenciada entre a parte teórica e a práctica, pódese traballar nela dende o principio progresivamente, para que o alumnado dende o inicio do curso empece a utilizar expresións en latín relacionadas, fundamentalmente, coa vida escolar. Aquí habería que falar da metodoloxía AIM (Accelerative Integrated Method), que vincula a aprendizaxe de secuencias e expresións a situacións e, sobre todo, determinada xestualidade. Neste punto é preciso que o profesorado, previamente, dispoña dunha listaxe de preguntas, respostas, ordes, etc. ben organizadas para ir introducindo progresivamente no uso diario da aula.

As UD7 a 11 céntranse no tratamento dos contidos lingüísticos da materia. Nesta programación propónse un achegamento que tome como alicerce os métodos de aprendizaxe activa, que parecen especialmente acaídos para o primeiro ano de estudo da lingua latina. É por iso que se recomenda que a/o docente configure unha selecta de textos de dificultade progresiva, que o alumnado terá que ler e comprender. A lectura de textos de dificultade progresiva debe ir acompañada de exercicios orais e escritos de comprensión e expresión. En todo caso, ao final de cada unidade didáctica pode ser conveniente levar a cabo unha sistematización da gramática e vocabulario explicado.

Neste eido da lingua latina parece relevante comentar que o horizonte de contidos gramaticais que se utilizou como referencia foi o seguinte. Ao final do curso o alumnado debería coñecer e manexar con certa soltura: 1) a flexión nominal en todos os seus casos de substantivos das 5 declinacións e adxectivos da 1.ª e 2.ª clase; 2) os pronomes persoais así como is ea id e o relativo así como o interrogativo quis/qui quae quid/quod; 3) a flexión verbal no modo indicativo nos tempos de presente e de perfecto mais o imperativo de presente e infinitivos dos verbos de todas as conxugacións, e máis os verbos sum, eo e fero; 4) o maior número posible de preposicións, adverbios e conectores de uso frecuente. No relativo á sintaxe, frases coordinadas e a subordinación de relativo e de infinitivo e iniciarse na adverbial.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO/S DE TEXTO
- Método tradicional ou gramaticalista: edixgal so oferta a editorial Edebé para latín 4.º de ESO.
- Métodos activos:
a) Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I).
b) Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022.
c) Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017.
d) Le Latin, de C. Desessard, 2015.



e) Curso de latín de Cambridge.
AULA VIRTUAL
ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL
APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE
REDES SOCIAIS

- AULA VIRTUAL: A aula virtual é o espazo de referencia no desenvolvemento desta materia, na que se recolle toda a información relevante e o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e exercicios do material ofertado e mesmo de elaboración propia).
- ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL: Son de especial relevancia naquelas materias, coma o Latín onde non se utiliza libro de texto.
- APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE:
- REDES SOCIAIS: Fomentando a correcta utilización das mesmas e valorándoas como método da aprendizaxe ao participar en seccións culturais de distintos programas a través dos podcast
- LIBRO DE TEXTO: Edebé, o único que temos a dispor en Edixgal; pero a súa presentación nesta plataforma contén erros imperdoables
- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o 1.º libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Utilizárase nas porcións debidamente seleccionadas para dar vitalidade as aulas e evitar caer no aburrimiento
- Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022.
- Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. Este método, ben deseñado e traballado, procura claramente a aprendizaxe do latín como lingua de comunicación para a vida cotiá. Isto fai que traballe especialmente os diálogos, así como temas e campos semánticos moi vinculados á actualidade. É un libro que o profesorado debe coñecer, porque del pode obter un grande caudal de expresións e usos para mellorar a súa capacidade de expresión en latín na aula. En 4.º de ESO pode ser de especial utilidade na aula, se se opta por priorizar o uso activo da lingua.
- Le Latin, de C. Desessard, 2015. Esta proposta pertence á colección de métodos para aprendizaxe de linguas da editorial Assimil.
- Curso de latín de Cambridge, na súa edición primixenia.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- 1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
- 2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.
- 3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
- 4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
- 5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
- 6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a/o docente debe elaborar un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. En función do número de alumnado, partes deste test ou proba poden ser substituídas por un diálogo informal na aula, do que a información máis salientable debe ser recollida por escrito. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>5</b>	<b>7</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>15</b>
<b>Proba escrita</b>	30	35	50	0	100	90	88	88	88	88
<b>Táboa de indicadores</b>	70	65	50	100	0	10	12	12	12	12

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>18</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	88	<b>71</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	12	<b>29</b>

### Criterios de cualificación:

As UD1 a UD4 serán cualificadas en función das probas realizadas e as táboas de indicadores e farán media ponderada entre si en función do seu peso na cualificación final, aplicando a fórmula que se achega no exemplo.

As unidades didácticas UD5 a UD11 serán cualificadas en función das probas realizadas e as táboas de indicadores e farán media ponderada entre si en función do seu peso na cualificación final, segundo as fórmulas que se achegan no exemplo.

A cualificación final de curso hase obter mediante a seguinte fórmula:

$((\text{Cualificación } 1.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,15) + (\text{Cualificación } 2.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,30) + (\text{Cualificación } 3.^{\text{a}} \text{ aval.} \times 0,55))$

Nótese que o multiplicador corresponde ao peso correspondente do conxunto de UD que integran cada avaliación.

Aprobará o alumnado que na aplicación desta fórmula obteña ao final de curso unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

#### ADVERTENCIAS:

1. REDONDEO: As medias resultado de fórmulas serán redondeadas a un máximo de dous decimais, e por aproximación ao decimal superior. Por exemplo: 3,8745 pasará a 3,88.

O redondeo da media final da cualificación de avaliación para poñer no boletín farase por aproximación ao enteiro máis próximo. Por exemplo, 6,49 será redondeado en 6 e 6,51 será redondeado en 7. Mais hai que ter presente que a cualificación a ter en conta para a cualificación final será a real e non a redondeada que aparecerá no boletín.

2. RECUPERACIÓN E/OU MELLORA DE RESULTADO DA 2.<sup>a</sup> AVALIACIÓN. Hai que advertir que en tanto que na 3.<sup>a</sup> avaliación se volven tratar os contidos da 2.<sup>a</sup> e que, por conseguinte, serve de recuperación da 2.<sup>a</sup>, no caso de que a cualificación obtida na 3.<sup>a</sup> avaliación sexa superior á da 2.<sup>a</sup>, hase proceder a substituír a cualificación orixinal da 2.<sup>a</sup> avaliación pola da 3.<sup>a</sup>. Isto faise así en todo caso en tanto que se considera que a cualificación final debe reflectir, cando menos no que atinxe aos contidos lingüísticos, o coñecemento destes cando remata o curso. Así pois, se un alumno obtén na 2.<sup>a</sup> avaliación un 4, por exemplo, e na 3.<sup>a</sup> un 7, en tanto que a 3.<sup>a</sup> avaliación repasa e traballa de novo os contidos da 2.<sup>a</sup>, parece pouco lóxico aplicar a fórmula de referencia sen máis. Así pois, neste caso, hase proceder a modificar o 4 orixinal por un 7, para que o alumnado non se vexa penalizado.

Exemplo:

- 1.<sup>a</sup> avaliación:

A/o alumna/o obtén os seguintes resultados por unidades didácticas explicadas e avaliadas: UD1 resultado 6; UD2 resultado 3; UD3 resultado 8; UD4 resultado 4;  $(6 \times 10) + (2 \times 10) + (8 \times 5) + (4 \times 5) = 60 + 20 + 40 + 20 = 140$ ;  $140 / 30 = 4,6666666667$ ; en aplicación do redondeo 4,67. [30 é o resultado da suma dos multiplicadores de cada UD; 10

+ 10 + 5 + 5, que representan, cada un, o peso porcentual da UD na cualificación final].

Esta fórmula asigna a cada lección o peso proporcional que ten no curso. No primeiro paso multiplicamos o resultado obtido, 6, polo tanto por cento que ten de peso a UD no curso, un 10% para a UD1, e así sucesivamente. Os resultados obtidos súmanse. O valor obtido, 140, divídese entre 30, que é o resultado da suma dos pesos porcentuais de cada UD. Deste modo obtemos unha cualificación de avaliación que respecta os pesos asignados a cada UD na programación e que, ao mesmo tempo, vai permitir obter unha cualificación final dun modo moi simple.

- 2ª avaliación:

A alumna/o obtén os seguintes resultados por unidades didácticas explicadas e avaliadas: UD5 resultado 6; UD6 resultado 3; UD7 resultado 8; UD8 resultado 4. En tanto que a avaliación destas unidades é progresiva e que os tantos por centos asignados a cada unidade didáctica son, respectivamente, 2 %, 5 %, 7 % e 11 %, para obter a cualificación promediada sobre 10 da avaliación, no caso de facer unha proba por unidade didáctica, faríase a seguinte operación:  $(6 \times 2) + (3 \times 5) + (8 \times 7) + (4 \times 11) = 12 + 15 + 56 + 44 = 127$ ;  $127 / 25 = 5,08$

- 3ª avaliación:

A alumna/o obtén os seguintes resultados por unidades didácticas explicadas e avaliadas: UD9 resultado 6; UD10 resultado 3; UD11 resultado 8. En tanto que a avaliación destas unidades é progresiva e que o tanto por cento asignado a cada unidade didáctica é, respectivamente, 12 %, 15 % e 18 %, para obter a cualificación promediada sobre 10 da avaliación, no caso de facer unha proba por unidade didáctica, faríase a seguinte operación:  $(6 \times 12) + (3 \times 15) + (8 \times 18) = 72 + 45 + 144 = 261$ ;  $261 / 45 = 5,8$

Cualificación final:

$((\text{Cualificación 1.ª aval.} \times 0,15) + (\text{Cualificación 2.ª aval.} \times 0,30) + (\text{Cualificación 3.ª aval.} \times 0,55))$

Exemplo:  $((4,67 \times 0,15) + (5,08 \times 0,30) + (5,8 \times 0,55)) = 0,7005 + 1,524 + 3,19 = 5,4145$ , que aplicando o principio de redondeo quedaría en 5,4.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que ao final de cada avaliación non obteña en aplicación das fórmulas previamente expostas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos, será obxecto dun programa de recuperación específico.

O alumnado recibirá un breve informe cos obxectivos non alcanzados na avaliación, o procedemento para os recuperar (ben mediante proba, ben mediante traballo e/ou exercicios) e as datas para a realización das probas e/ou entrega dos traballos e/ou exercicios. No caso de que a avaliación non superada sexa a 2.ª, o alumnado recibirá un plan de traballo específico servindo as probas da 3.ª para a recuperar.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:

- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula.
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula.
- Asignación diferenciada de tarefas entre o alumnado.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:

- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada.
- Reforzo educativo mediante a adaptación de exames, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

O alumnado que curse de novo 4.º de ESO, será obxecto dun plan específico personalizado no que, a partir dunha valoración das súas necesidades específicas de apoio educativo, hanse especificar, de ser o caso, unhas medidas concretas de actuación e o seu seguimento.

A atención á diversidade estará en todo caso coordinada co resto do equipo educativo e, en particular, co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X				X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X							
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X					X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.			
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X	X	X
ET.8 - A creatividade.	X	X	X

### Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que o produto final sexan materiais audiovisuais. 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na UD1, na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións dos que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo e na súa literatura (UD nas que se debe incidir nos fundamentos que a cultura e civilización romana puxo como cimento para nosa sociedade, e como apartáronse destes as etapas posteriores, especialmente toda a etapa da inquisición), este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida en todas as UD propostas, xa que é misión do docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao festival de teatro clásico de Lugo.	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana.		X	
Visita a un castro próximo á localidade e outros monumentos de época prerromana ou romana.	O alumnado visitará un castro e/ou algún outro monumento de época prerromana ou romana coa finalidade de ver o contraste entre os modos de vida previos á chegada dos romanos e os que traen estes consigo.		X	X
Visita a un museo arqueolóxico.	Esta visita pode ser tanto a un museo con restos arqueolóxicos local ou da comunidade, como tamén ao Museo Arquelógico Navional, en Madrid.	X		
Obradoiros e actividades relacionados co mundo clásico.	É especialmente recomendable á visita aos Ludi Compostellani que adoitan ser celebrados no mes de xaneiro na Facultade de Filoloxía da USC.	X	X	X
Participación no concurso Odissea da SEECGalicia	É unha actividade que fomenta a destreza de aprender a aprender		X	X
Participación na sección Verba Volant do programa da RTVE No es un día cualquiera	Supon unha forma moi interactiva de indagar na cultura, no patrimonio e nas linguas clásicas	X	X	X

### Observacións:

- Teatro. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimiento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.

-Visita a un castro e/ou monumentos de época prerromana ou romana. Esta actividade permite que o alumnado poida ver dun modo directo os cambios que supuxo a chegada dos romanos a Galicia, observando os hábitos de vida e as modificacións introducidas polos novos conquistadores. Esta actividade é tamén unha grande oportunidade para a desmitificación de determinadas visións da chegada dos romanos a Galicia, en particular, e a Hispania, en xeral, para destacar, por exemplo, os métodos de sometemento brutais das poboacións autóctonas e a explotación sistemática dos seus recursos.

- Visita a un museo arqueolóxico. Esta visita é realmente complementaria á actividade anterior, podéndose desenvolver nunha mesma xornada se se visita un museo local. Parece especialmente recomendable a visita do Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid.

- Obradoiros e actividades de recreación do mundo clásico. Este tipo de actividades permiten un achegamento máis distendido e práctico ao mundo antigo, dado que o alumnado non soamente ve, senón que tamén pode aprender dun modo práctico aspectos do mundo antigo tan interesantes e relevantes para a nosa tradición cultural como, por exemplo, a escritura sobre soportes como papiro e pergameo, etc.

-Concurso Odissea. Fomenta o traballo en equipo, ademais de por en contacto ao alumnado con estudantes doutras comunidades.

\_Verba volant da RTVE. Unha forma moi dinámica de achegar o pasado a nosa actualidade

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Outros
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

### Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para

avaliar este indicador de logro o docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, compre facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento por UD, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. O docente normalmente ten unha previsión dos resultados que terán os alumnos en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a principios do curso. Ademais da observación directa do docente na aula, é moito importante a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis co docente é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula polo docente pode ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se proporá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa propia persoa docente e o trato por esta dispensado. Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións).

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego I	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	28
4.2. Materiais e recursos didácticos	29
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	30
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	31
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	32
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	33
6. Medidas de atención á diversidade	33
7.1. Concreción dos elementos transversais	34
7.2. Actividades complementarias	35
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	35
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	37
9. Outros apartados	37

## 1. Introducción

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade grega como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo grego; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización helena, o alumnado de Grego localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos de morfoloxía, sintaxe e léxico grego e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua grega baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do grego, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico.

As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas. Finalmente, o uso na aula da lingua grega, tanto oral como escrita, permitiralle ao alumnado, por unha banda, consolidar os coñecementos adquiridos e, por outra, poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a súa capacidade de expresión.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas nos seus propios sistemas de pensamento e na súa cultura. Ambos os aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá. Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción lingüística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e por outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva arredor dos textos e do legado material e inmaterial da civilización grega e a súa achega fundamental á cultura, a sociedade, a política e a identidade europeas.

Esta programación pretende organizar os contidos dos catro bloques do currículo en unidades didácticas que compatibilicen os de carácter cultural e os lingüísticos. Así, situamos na primeira avaliación as UD referidas á xeografía e historia da lingua, aínda que o apartado de escritura, transcripción e lectura seguirá a traballarse en todo o curso. Repartidas nos tres trimestres estarán as de historia, sociedade, relixión e etimoloxía e, por último, a modo de recompilación, no terceiro trimestre unha UD sobre legado e patrimonio. En canto ao peso das unidades didácticas, cómpre dicir que as de contidos non lingüísticos teñen un peso que equivale aproximadamente ao 15 % da materia, reservándose o 85 % restante para as unidades didácticas lingüísticas. Evidentemente, tanto o peso das distintas unidades didácticas como a súa distribución en trimestres poden ser modificadas facilmente por cada docente.

No apartado metodolóxico propónse un ensino da lingua grega con un tratamento semellante aos das linguas modernas cos métodos chamados naturais ou activos, o que non impide que esta mesma programación poda ser utilizada para usar métodos tradicionais ou gramaticalistas xa que a secuenciación de contidos se adapta perfectamente a eles.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros e o seguimento mediante táboas de valoración. Todo iso coa finalidade de mellorar a programación de cara a seguintes versións, especialmente no que se refire ás

sesións dedicadas a cada UD, a distribución por trimestres, os instrumentos de avaliación e mesmo o peso de cada criterio de avaliación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía	Marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega. Localización de fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes.	4	4	X		
2	Historia	Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. Presenza de Grecia na Península Ibérica.	4	12	X	X	X
3	Sociedade e formas de goberno	Nesta unidade didáctica hanse traballar os contidos referidos á sociedade e as formas de goberno de Grecia, tomando como exemplo as polis de Esparta e Atenas. Sistemas políticos. Urbanismo, obras públicas e artes plásticas. A familia. A situación da muller. Nacemento e educación. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos: teatro e deporte.	4	12	X	X	X
4	Relixión e mitoloxía	Cosmogonía, divindades e heroes. Formas de culto. Santuarios.	4	9	X	X	X
5	Historia da lingua grega. O alfabeto	Do indoeuropeo ao grego moderno: micénico, xónico-ático, koiné e grego moderno. O alfabeto grego na historia da escritura. Orixe e características. A súa relación co alfabeto fenicio e con outros alfabetos. Escritura. Signos ortográficos. Clasificación dos sons. Pronunciación erasmiana e histórica. Normas de transcrición. Lectura fluída.	10	10	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Morfoloxía nominal I: declinacións	Sistema casual. Artigo. 1. <sup>a</sup> e 2. <sup>a</sup> declinacións. Adxectivos 212. 3. <sup>a</sup> declinación. Adxectivos da 3. <sup>a</sup> declinación. Adxectivos irregulares. Graos dos adxectivos.	10	15	X	X	X
7	Morfoloxía nominal II: pronomes	Pronomes demostrativos. Pronomes persoais e posesivos. Pronomes indefinidos.	10	9	X	X	X
8	Morfoloxía verbal I	Modo indicativo do verbo copulativo (eimí) e dos verbos en -w. Voz activa e medio-pasiva.	10	15	X	X	X
9	Morfoloxía verbal II. formas nominais	Construcións de infinitivo e de participio.	10	14		X	X
10	Sintaxe I: valores dos casos	Valores dos casos: vocativo, dobre acusativo, dativo posesivo, xenitivo partitivo, complementos circunstanciais, complemento axente. Uso das preposicións.	10	12	X	X	X
11	Sintaxe II: oración de relativo	Pronome de relativo. Oracións subordinadas de relativo.	10	5		X	X
12	Vocabulario e etimoloxía	Vocabulario básico relacionado cos contidos morfolóxicos explicados. Léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. Descomposición de palabras nos seus formantes. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia. Familias etimolóxicas e semánticas.	10	15	X	X	X
13	Legado grego	Nesta unidade didáctica hanse tratar dun modo sintético todos os eidos da vida moderna onde se pode achar o legado de Grecia. Esta unidade pode ser concibida, en certa medida, como un repaso das anteriores, dado que se precisa dos coñecementos adquiridos para poder entender e, sobre todo, facer as conexións e relacións imprescindibles.	4	8		X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes e algúns dos elementos do patrimonio helénico relacionados con eles.	PE	50
CA4.5 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar a localización dos principais fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes e algúns dos elementos do patrimonio helénico relacionados con eles.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xeografía da antiga Grecia: topografía, nome e función dos principais sitios. Viaxeiros ilustres.</li> <li>- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.</li> <li>- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.</li> <li>- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.</li> <li>- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Historia	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar as épocas e acontecementos da historia de Grecia e os procesos históricos e políticos.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a historia de Grecia.	TI	30
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Historia.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Etapas: fitos históricos do mundo grego entre os séculos VIII a. C. e V d. C.</li> <li>- Lendas e principais episodios históricos.</li> <li>- Persoeiros da historia de Grecia e a súa relevancia para a historia de Europa.</li> </ul> </li> <li>- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).</li> <li>- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Sociedade e formas de goberno	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.	PE	70
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega relacionado coa sociedade e o ámbito persoal de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a sociedade e a política grega.	TI	30
CA3.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Debater sobre a importancia e asimilación de diferentes aspectos da sociedade grega, utilizando recursos retóricos e seleccionando e contrastando información e experiencias.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade e formas de goberno.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Historia e organización política e social de Grecia como parte esencial da historia e a cultura da sociedade actual. Desmitificación da democracia ateniense.</li> <li>- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.</li> <li>- Influencias da cultura grega na civilización latina.</li> <li>- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.</li> <li>- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.</li> <li>- A importancia do discurso público para a vida política e social.</li> <li>- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.</li> <li>- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.</li> <li>- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.</li> <li>- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.</li> <li>- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.</li> <li>- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.</li> <li>- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Relixión e mitoloxía	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Identificar e explicar de maneira global a pegada helena nos cimentos das producións culturais posteriores e nos diferentes ámbitos	PE	40
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer e explicar de forma oral, preferentemente, as ideas principais dun texto sobre a mitoloxía e a relixión.	TI	60
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar algúns dos elementos do patrimonio arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega relacionados coa mitoloxía e a relixión.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega relacionado coa mitoloxía e a relixión de acordo coas normas de busca, selección e reelaboración da información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Historia.
- Lendas e principais episodios históricos.
- Institucións, crenzas e formas de vida da civilización grega e o seu reflexo e persistencia na sociedade actual: escravitude e exclusión da muller.
- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.
- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.

UD	Título da UD	Duración
5	Historia da lingua grega. O alfabeto	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Detectar e explicar o uso actual do alfabeto grego noutras linguas e noutros sistemas de escritura.	PE	55
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego clásico con outras linguas, especialmente co grego moderno, a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.		
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer, analizar e reflectir oralmente en grego as ideas principais de textos adaptados ao nivel de lingua do alumnado, utilizando correctamente a prosodia e preferentemente na pronuncia histórica.	TI	45

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos con respecto ás familias lingüísticas e ao alfabeto, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar os elementos do patrimonio herdado da civilización grega relacionados co alfabeto e o seu uso axeitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Alfabeto, prosodia e signos gráficos da lingua grega clásica. Aproximación ás principais leis fonéticas.</li> <li>- Sistemas de escritura ao longo da historia.</li> <li>- O alfabeto grego: a súa historia e influencia posterior. Regras de transcripción do alfabeto grego ás linguas do repertorio do alumnado.</li> <li>- Do indoeuropeo ao grego. Etapas da lingua grega.</li> <li>- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.</li> <li>- Influencias da cultura grega na civilización latina.</li> <li>- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Morfoloxía nominal I: declinacións	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da morfoloxía nominal.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía nominal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfoloxía nominal.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfoloxía nominal.	TI	30
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía nominal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfoloxía nominal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> </ul>

## Contidos

- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
7	Morfoloxía nominal II: pronomes	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos do sistema pronominal.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía pronominal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfoloxía nominal.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfoloxía pronominal.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía pronominal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.	TI	30
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfoloxía pronominal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Morfoloxía verbal I	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da morfoloxía verbal.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da morfoloxía verbal nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á morfoloxía verbal.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da morfoloxía verbal.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da morfoloxía verbal, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da morfoloxía verbal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións</li> </ul>



<b>Contidos</b>
- básicas e opinións. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Morfoloxía verbal II. formas nominais	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando as formas nominais dos verbos.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos das formas nominais dos verbos nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta ás formas nominais dos verbos.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas do sistema verbal grego e asimilando as formas nominais dos verbos.	TI	30
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe das formas nominais dos verbos, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente as formas nominais dos verbos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
10	Sintaxe I: valores dos casos	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando os valores dos casos.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar os valores dos casos nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta aos valores dos casos.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os valores dos casos.	TI	30
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe dos valores dos casos, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente os valores dos casos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> </ul>

## Contidos

- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).
- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
  - Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
  - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
  - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
  - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
11	Sintaxe II: oración de relativo	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións de textos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección, identificando e analizando elementos da subordinación e da oración de relativo.	PE	70
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar elementos da subordinación e da oración de relativo nas traducións, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros no que respecta á subordinación e á oración de relativo.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega e asimilando os aspectos da subordinación e da oración de relativo.	TI	30
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe de elementos da subordinación e da oración de relativo, realizando actividades de planificación, autoavaliación e coavaliación.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, utilizando correctamente elementos da subordinación e da oración de relativo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Clases de palabras.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (introdución á tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.</li> </ul>

## Contidos

- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.
- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.
- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.
- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.
- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións básicas e opinións.
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.

UD	Título da UD	Duración
12	Vocabulario e etimoloxía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Interpretar textos e realizar traducións directas escollendo os significados axeitados para cada termo valorando as coincidencias con outras linguas.	PE	65
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.	Seleccionar os significados apropiados en cada texto utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes, cando se considere necesario.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	Redactar en grego, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara utilizando o vocabulario apropiado.		
CA1.9 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopar e explicar semellanzas de vocabulario entre as diversas linguas coñecidas polo alumnado.		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de vocabulario de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando raíces e formantes gregos coñecidos.		
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego clásico con outras linguas, especialmente co grego moderno, a través de elementos como o vocabulario e os neoloxismos.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e a cultura grega como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes, utilizando o vocabulario apropiado.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as traducións, realizando propostas de mellora.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos sinxelos identificando os significados e os aspectos léxicos, comparándoos cos das linguas do repertorio lingüístico propio.		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega.	TI	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, preferentemente en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude, orais e/ou escritos, e adaptados ao nivel de lingua e temas coñecidos polo alumnado, expresados de forma clara e, no caso dos textos orais, preferentemente na pronuncia histórica.	Extraer, analizar e reflectir oralmente e/ou por escrito, en grego, ou ben na lingua de uso do alumnado, as ideas principais de textos de certa lonxitude utilizando o vocabulario apropiado.		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia utilizando o vocabulario apropiado.		
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos con respecto ao léxico, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar os elementos do patrimonio herdado da civilización grega relacionados co vocabulario e a etimoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de: contorna textual e do propio texto, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Ferramentas de tradución, cando se considere necesario.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias para a planificación, execución e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e/ou multimodais.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto: describir acontecementos simples; dar instrucións básicas; narrar, reformular e/ou resumir acontecementos pasados, presentes e/ou futuros; expresar emocións</li> </ul>



## Contidos

- básicas e opinións.
- Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...).
- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de grego en grego, cando fose posible.
- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.
- Léxico.
- Procedementos básicos de composición e derivación na formación de palabras gregas.
- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe grega no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica nos léxicos especializados doutros campos.
- Significado e definición de palabras de uso común na lingua de ensino a partir dos seus étimos gregos nas linguas repertorio lingüístico do alumnado; reflexión sobre significado etimolóxico e significado semántico.
- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.
- Técnicas básicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.
- Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

UD	Título da UD	Duración
13	Legado grego	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Explicar, de maneira guiada, a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Atopar e explicar elementos lingüísticos do grego nas linguas modernas, utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	TI	100
CA2.3 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos nas linguas que conforman o repertorio propio, adoptando actitudes de respecto e valorando a diversidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Investigar, de maneira guiada, o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de preservación e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sustentabilidade.	Investigar o patrimonio herdado da civilización grega e sinalar elementos necesarios para a súa preservación e utilización axeitada.		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, os modos de vida, as institucións e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Coñecer, explicar e relacionar os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade helena, comparándoos cos das sociedades actuais.		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado grego na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Defender e argumentar axeitadamente a postura escollida ou asignada sobre a importancia do legado grego na nosa sociedade.		
CA4.3 - Investigar de maneira progresivamente autónoma aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar o legado da civilización grega facendo unha busca, selección e reelaboración axeitada e respectuosa da información.		
CA4.4 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores a partir de criterios dados.	Analizar obras de arte dadas e identificar e explicar o legado da civilización grega como fonte de inspiración.		
CA4.6 - Explorar o legado grego na contorna do alumnado a partir de criterios dados, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os resultados a través de diferentes soportes.	Explorar o legado grego na contorna do alumnado, aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre os seus distintos usos e presentando os resultados a través de diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Influencia do grego na evolución da lingua de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado.</li> <li>- Léxico.</li> <li>- Importancia e versatilidade do grego para crear neoloxismos ao longo da historia e na actualidade.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Aproximación aos termos e expresións máis usuais de uso frecuente do grego moderno.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.</li> </ul>

## Contidos

- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- A achega de Grecia á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- Relación de Grecia con culturas estranxeiras: luces (modelo de cultura) e sombras (xenofobia).
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe: Grecia como ponte de transmisión de cultura.
- A importancia do discurso público para a vida política e social.
- Conceptos de legado, herdanza e patrimonio.
- A mitoloxía clásica e a súa persistencia en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- Obras públicas e urbanismo: construción, conservación, preservación e restauración.
- As representacións e festivais teatrais, a súa evolución e persistencia na actualidade.
- As competicións atléticas e a súa persistencia na actualidade.
- As institucións políticas gregas, a súa influencia e persistencia no sistema político actual.
- A educación na antiga Grecia: os modelos educativos de Atenas e Esparta e a súa comparación cos sistemas actuais.
- Principais obras artísticas da Antigüidade grega.
- Principais sitios arqueolóxicos, museos ou festivais relacionados coa Antigüidade clásica.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Grego, como a de Latín, ten unha serie de elementos que obrigan a facer un uso amplo e diverso de metodoloxías. Por unha banda, a lingua grega é iso, unha lingua, o que supón o emprego de metodoloxías propias da aprendizaxe de calquera outra lingua que permitan a adquisición de destrezas, como son a expresión oral e escrita e a comprensión oral e escrita, ademais da interacción oral.

A consideración das linguas clásicas como linguas propiciou nos últimos dous séculos a consolidación dunha metodoloxía moi particular de aprendizaxe, baseado nun profundo coñecemento gramatical e na utilización constante de glosarios ou dicionarios para poder entender os textos a través da tradución dos textos gregos cara á lingua propia.

Por outra parte, cómpre considerar que o currículo conta tamén cun importante grupo de contidos non lingüísticos relacionados coa xeografía, historia, sociedade, relixión e legado para os cales hai que utilizar unha metodoloxía ben diferente.

#### METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS NON LINGÜÍSTICOS.

1. Explicación por parte do profesorado e traballo posterior do alumnado mediante a elaboración de exercicios e traballos guiados e que se avalía fundamentalmente a través de táboas de indicadores como rúbricas.
2. A aula invertida (ou pseudosocrático). Este modo de traballo supón que o alumnado accede á información de modo previo e despois procédese a traballar de modo activo na aula aplicando ese coñecemento previo adquirido. Esta metodoloxía presenta, entre outros, o reto de que tanto profesorado como alumnado debe contar con acceso e suficiente destreza de uso das TIC.
3. Traballo por proxectos, que require que a vinculación da materia a este resulte clara e convincente e unha planificación precisa e realista dos tempos, dos procesos e tarefas así como dos produtos ou resultado final do traballo.

## METODOLOXÍA PARA AS UNIDADES CON CONTIDOS LINGÜÍSTICOS.

Nesta proposta de programación distinguimos entre unha aproximación gramaticalista (tamén chamada tradicional) e unha aproximación a partir de métodos activos. Ambos os dous métodos teñen cabida no currículo.

1. Metodoloxía para un enfoque gramaticalista de aprendizaxe de linguas. Este enfoque parte da premisa de que o grego clásico é unha lingua non falada por nativos, pero as destrezas e coñecementos precisos para o uso da mesma poden ser traballados conforme a súa validez no grego moderno. En tanto que o obxectivo é a tradución correcta de textos orixinais literarios, priorízase a aprendizaxe profunda e completa da gramática, tanto a morfoloxía como a sintaxe, en detrimento do vocabulario e as construcións idiomáticas, que se deixan para a súa procura no dicionario. Crea, porén, a sensación no alumnado de que a aproximación a un texto dunha lingua clásica supón un traballo de lóxica e aplicación de normas que o asemella moito á resolución de exercicios doutro tipo de materias. En calquera caso, a achega ao latín e ao grego resulta un bo auxiliar para a lingua castelá ou galega e as linguas estranxeiras do seu repertorio.

A metodoloxía habitual nesta aproximación parte da explicación gramatical e sintáctica por parte do docente, para pasar despois á elaboración de exercicios nos que se exemplifica ou reforza os coñecementos adquiridos. Normalmente, para alixerar a acumulación duns contidos tan densos inclúense nas unidades didácticas aspectos doutros bloques de contidos que poidan introducir certa variedade.

2. Metodoloxía a partir de métodos activos. Esta perspectiva parte da premisa de que o grego é unha lingua e que, por tanto, o proceso de aprendizaxe da mesma debe ser o máis semellante posible ao proceso de adquisición de calquera outra lingua. O obxectivo final é que o alumnado poida acceder aos textos da literatura grega a través da súa lectura, entendéndoa como o acto automático polo que unha persoa comprende un texto combinando dun modo non consciente ou reflexivo as normas de gramática da lingua e o coñecemento do significado das palabras. Por tanto, neste enfoque os aspectos lingüísticos a traballar veñen determinados pola frecuencia do uso, tanto no que atinxe á gramática como ao vocabulario, e pola procura da intelección non reflexiva, cando menos en principio, do texto.

A metodoloxía propia deste enfoque pasa por unha lectura constante de textos de dificultade graduada, na que o profesorado, mediante preguntas, uso de palabras ou expresións sinónimas, asociación constante de determinadas expresións a unha xestualidade concreta e a realización constante de exercicios de uso da lingua, consegue que progresivamente o alumnado vaia adquirindo o correcto uso das formas dun modo case intuitivo. Isto non implica, porén, que nesta aproximación non haxa explicación gramatical ou aclaracións de natureza sintáctica. O que acontece é que a diferenza do enfoque gramaticalista, neste caso a aprendizaxe de gramática e sintaxe non é máis ca unha ferramenta de apoio a usar puntualmente e sempre despois de experimentar o seu uso nos textos.

Entre as grandes vantaxes deste enfoque pódense destacar basicamente dúas. Por unha banda, o alumnado afaise dende o principio a ler e entender textos longos en grego, desenvolvendo estratexias para deducir o significado de palabras ou expresións en función do contexto. Pola outra, o alumnado desenvolve unha grande capacidade de lectura e pronuncia correcta do grego. Neste punto cómpre facer fincapé no uso da pronunciación histórica sobre a erasmiana, simplemente polas vantaxes que ofrece de cara á comprensión do grego moderno.

Finalmente, cómpre salientar que estes métodos anteriormente mencionados non teñen por que ser necesariamente contrarios, poidendo o docente decidir o emprego de aspectos dun ou doutro en función das circunstancias.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017.
Curso de elaboración propia na aula virtual do IES.
A Greek Boy at Home de W.H.D. Rouse

Rosemary Sutcliff: Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea. Naves negras ante Troya. La historia de la Iliada. Vicens Vives, Clásicos adaptados, Barcelona, 2014.
A traxedia ou comedia representada no Festival de teatro grecolatino no ano escolar en curso
<a href="https://www.dicciogriego.es/">https://www.dicciogriego.es/</a>
The Odyssey, Andréi Konchalovski

#### LIBROS DE TEXTO

- José Manuel Bértolo Ballesteros e Matilde de Cal Cortina: Grego Bacharelato. Baía edicións (Consortio editorial galego), A Coruña, 2017. Libro para Grego I e II editado en galego e cun enfoque gramatical. Conta con numerosos e variados exercicios e cunha perspectiva moi práctica para a parte dos contidos culturais.
- O método A Greek Boy at Home de W.H.D. Rouse, do mesmo xeito que o método de Orberg para latín, está configurado como un método indutivo, que parte do texto e do propio contexto, apoiándose en explicacións marxinais, e que leva ao estudante a unha fácil aprendizaxe da morfoloxía e construcións sintácticas, así como dun rico vocabulario sen a necesidade, a priori, dun dicionario.
- Rosemary Sutcliff: Las aventuras de Ulises. La historia de la Odisea. Naves negras ante Troya. La historia de la Iliada. Vicens Vives, Clásicos adaptados, Barcelona, 2014. Versión adaptada da Odisea e da Iliada con exercicios e guía de lectura que permite un achegamento á obra de Homero.
- A traxedia e/ou comedia a cuxa representación se acuda no Festival de Teatro Grecolatino organizado pola SEEC; a entrada leva adxunta a adaptación escolar da obra vista e permite unha consolidación deste aspecto da orixe de toda a literatura.

#### OUTROS RECURSOS

- Recursos en rede asociados cos métodos descritos:  
<https://sites.google.com/view/culturaclasicaediciones/home/lingua-graeca/recursos?authuser=0>  
<https://aulavirtual.baiaeditions.gal/10>  
<https://www.flipsnack.com/vv2020/las-aventuras-de-ulises-cl-sicos-adaptados/full-view.html>  
[https://www.vicensvives.com/vvweb/\\_pdf/01%20-%20Naves%20negras%20ante%20Troya%20-%20La%20Iliada.pdf](https://www.vicensvives.com/vvweb/_pdf/01%20-%20Naves%20negras%20ante%20Troya%20-%20La%20Iliada.pdf)  
<https://www.dicciogriego.es/>
- Curso da aula virtual: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iessanchezcanton/aulavirtual/course/index.php?categoryid=102>.
- Recursos audiovisuais:.  
 The Odyssey de Andréi Konchalovski, miniserie ganadora de un Emmy  
 Jason and the Argonauts, miniserie dirixida por Nick Willing

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Aínda que se trata dunha materia que o alumnado non cursou con anterioridade, hai que considerar o posible alumnado repetidor e os coñecementos previos sobre o mundo grecorromano que poidan ter adquirido en cursos previos noutras materias como Cultura Clásica ou Latín na ESO. Por esta razón e para adecuar as explicacións ao nivel de coñecementos da clase, presentaremos na segunda sesión lectiva unha proba escrita de diagnóstico.

#### OBXECTIVOS

1. Saber que alumnado cursou Cultura Clásica e/ou Latín de 4.º de ESO.
2. Coñecer as motivacións do alumnado para a escolla da materia de Grego I.
3. Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE)
4. Identificar o alumnado repetidor
5. Valorar o coñecemento que o alumnado ten do mundo e cultura helénica en xeral e da lingua grega en particular.

#### INSTRUMENTOS

1. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder preguntas relacionadas cos cinco obxectivos apuntados anteriormente.
2. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de clase.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	50	70	70	40	55	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	50	30	30	60	45	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>4</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	65	0	<b>63</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	35	100	<b>37</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Faranse probas periódicas que nos permitan medir o grao de obxectivos alcanzados en cada apartado ou UD.

A cualificación final de cada avaliación será froito das notas obtidas en cada proba seguindo os seguintes criterios porcentuais de varias probas escritas e/ou orais de cada unidade explicada e/ou presentacións e traballos escritos; media ponderada de todas elas segundo as seguintes fórmulas:

1.ª avaliación:  $[(UD1 \times 4) + (UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD5 \times 6) + (UD6 \times 3) + (UD7 \times 4) + (UD8 \times 5) + (UD10 \times 2) + (UD12 \times 3)] / 31$

2.ª avaliación:  $[(UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 2) + (UD6 \times 4) + (UD7 \times 3) + (UD8 \times 5) + (UD9 \times 2) + (UD10 \times 3) + (UD11 \times 8) + (UD12 \times 3)] / 33$

3.ª avaliación:  $[(UD2 \times 2) + (UD3 \times 2) + (UD4 \times 2) + (UD5 \times 2) + (UD6 \times 3) + (UD7 \times 3) + (UD9 \times 6) + (UD10 \times 3) + (UD12 \times 4) + (UD13 \times 6)] / 33$

O multiplicador de cada UD é o peso da mesma en cadanseu trimestre. Así, p. ex., a UD7, que ten un peso total de 10 sobre 100 no curso, está repartido en 4, 3 e 3 nas tres avaliacións. Asemade, o resultado obtido para cada trimestre deberá ser dividido entre 20 para a primeira avaliación, 20 para a 2.ª e 60 para a 3.ª avaliación que son as porcentaxes achegadas respectivamente para obter unha nota en base 10.

As probas escritas serán fixadas coa suficiente antelación acordando a data entre o alumnado e o profesorado da materia. Caso de que non haxa acordo prevalecerá a decisión do profesor ou profesora que seguirá criterios didácticos ao respecto.

#### CUALIFICACIÓN FINAL

Será o resultado da media ponderada das tres avaliacións segundo a seguinte fórmula:  $(1.ª \text{ aval.} \times 0,20) + (2.ª \text{ aval.} \times 0,20) + (3.ª \text{ aval.} \times 0,60)$

- 1.ª avaliación achega o 20 % da cualificación final.
- 2.ª avaliación achega o 20 % da cualificación final.
- 3.ª avaliación achega o 60 % da cualificación final.

Na avaliación final poderá redondearse a nota cara ao seguinte número enteiro a partir da décima 5, é dicir, 6,49 será 6 e 6,50 poderá redondearse a 7, sempre a criterio do profesorado.

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas adaptadas aos contidos de cada UD.
2. Táboas de indicadores como rúbricas, listas de cotexo, observación directa, etc. para as probas orais, as presentacións, os traballos escritos, en función do tipo de contidos e criterios de avaliación da cada UD.

### **Criterios de recuperación:**

Realizarase ao final de cada trimestre unha proba escrita con cuestións referidas a todos os contidos explicados ata ese momento a modo de recompilación das UD desa avaliación que servirá ao alumnado como recuperación dos apartados non superados durante o trimestre para o caso de que a cualificación fose inferior a 5. Asemade, para o resto do alumnado que obtivese unha cualificación superior a 5, esa proba serviría para incrementar a súa cualificación nese trimestre.

En canto ás unidades de lingua grega, dado o carácter progresivo da materia, a superación das unidades posteriores supón a superación das anteriores.

No período posterior á terceira avaliación e antes da avaliación extraordinaria, haberá novas probas de recuperación individualizadas para o alumnado que non superase determinadas unidades didácticas e/ou trimestres e/ou curso completo para o caso de que a cualificación non chegase a 5.

A nota obtida nas probas de recuperación substituirá a nota anterior que estivese suspensa das correspondentes UD ou avaliacións e aplicaríanse as fórmulas correspondentes para recualificar e recuperar a materia.

A avaliación extraordinaria establece que o alumnado ten dereito a unha proba global, do 100% da materia, da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que un alumno pase a 2º curso de bacharelato coa materia Grego I pendente, tanto por non ter superado o 1º curso como por non telo cursado (por cambio de optatividade) háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.

1. O alumnado afectado, por calquera das dúas circunstancias, pode seguir o curso de 2º como o resto do alumnado dándosele por aprobada a materia de 1º no caso de aprobar a de 2º, sendo a cualificación de 1º a mesma ca que obteña no 2º curso dos aspectos relativos ao curriculum de 1º curso. Neste caso o alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que o docente valore o progreso, para o que deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios na aula virtual, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas en datas oportunas. No caso de que o informe da 2ª avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica semellante á especificada no seguinte punto, ao inicio da 3ª avaliación.

2. O alumnado afectado, só por non ter superado o 1º curso habéndoo cursado, poderá facer unha proba específica durante o 1º trimestre na que se obtén un 5 ou cualificación superior, daráselle por superada a materia recibindo a cualificación obtida, tendo en conta os criterios de redondeo establecidos nesta programación. Pero tamén deseñaranse programas de reforzo individualizados para a recuperación das aprendizaxes non adquiridas, proporcionando boletíns de exercicios, cuestionarios na aula virtual, libros de lectura obrigatoria con cuestionarios de seguimento e probas escritas en datas oportunas.



#### 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que queira cursar a materia de Grego II sen ter cursado a presente materia de Grego I, deberá cursar esta materia como pendente acolléndose ao procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes descritos no punto 5.3 e de acordo co descrito no artigo 32 da Resolución de 26 maio do 2022 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do curso académico.

Terá dúas opcións para incorporarse á materia de segundo de bacharelato. A primeira sería acreditar eses coñecementos necesarios nunha proba escrita deseñada a tal efecto polo Departamento didáctico e que se realizaría antes do comezo do curso para poder avaliála e determinar se pode matricularse. Esta proba constará das seguintes partes:

- Preguntas tipo test sobre aspectos relacionados coa historia, sociedade, goberno, mitoloxía, legado, no que se avalían os contidos correspondentes ás unidades didácticas de contidos non lingüísticos desta programación. Estas preguntas achegarán o 25% da puntuación total da proba.
- Exercicio de lectura en voz alta dun texto en grego clásico. Esta pregunta achegará o 10 % da puntuación total da proba.
- Exercicio de comprensión de texto. O alumnado lerá un texto e responderá en grego as preguntas de comprensión deste texto. Esta pregunta achegará o 30 % da puntuación total da proba.
- Exercicio de tradución de texto grego a galego ou castelán. Esta pregunta achegará o 35 % da puntuación total da proba.

Hase considerar que acredita os coñecementos precisos o alumno que na devandita proba acade 5 ou máis puntos.

Se ben esta proba non ten carácter obrigatorio, sempre poderá cursar o Grego I polo 2º procedemento: Cursando a materia como pendente. Neste caso o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

#### 6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:



Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>Proba escrita</b>	90	90	80	50	100	80	100	65	65	65
<b>Táboa de indicadores</b>	10	10	20	50	0	20	0	35	35	35

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	65	65	65	65	65	65	65	65	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	35	35	35	35	35	35	35	35	<b>30</b>

### Cráterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN

Obterase da seguinte maneira:

1.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: media aritmética das UD que a integran. Fórmula:  $(UD1 + UD2 + UD3 + UD4 + UD5 + UD6) / 6$ .

2.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: media promediada de cada unha das UD que a integran segundo a seguinte fórmula:

$((UD7 \times 1) + (UD8 \times 2) + (UD9 \times 3) + (UD10 \times 4) + (UD11 \times 5) + (UD12 \times 6) + (UD13 \times 7)) = X; X / 28$   
[28 é o resultado de sumar os multiplicadores da cualificación de cada UD;  $1 + 2 + 3 + 4 + 5 + 6 + 7$ ]

3.<sup>a</sup> AVALIACIÓN: media promediada de cada unha das UD que a integran segundo a seguinte fórmula:

$((UD14 \times 8) + (UD15 \times 9) + (UD16 \times 9) + (UD17 \times 10) + (UD18 \times 11)) = X; X / 47$

[47 é o resultado de sumar os multiplicadores da cualificación de cada UD;  $8 + 9 + 9 + 10 + 11$ ]

#### CUALIFICACIÓN FINAL

1.<sup>a</sup> avaliación achega o 20 % da cualificación final.

2.<sup>a</sup> avaliación achega o 20 % da cualificación final.

3.<sup>a</sup> avaliación achega o 60% da cualificación final.

Así pois a fórmula final é:

$(1.<sup>a</sup> av. \times 0,20) + (2.<sup>a</sup> av. \times 0,20) + (3.<sup>a</sup> av. \times 0,60)$

Non haberá ningún tipo de limitación na aplicación desta fórmula xa que a natureza da materia, e o feito de partir de cero, sen ter que ser exisido ningún coñecemento previo, fai que a avaliación teña que ser plenamente continúa e se ten que valorar que se non se acadou o pleno dominio nas primeiras avaliacións e sí que se obten na terceira, non se ten por que perxudicar a boa e progresiva evolución do alumnado. É por iso polo que se lle otorga un peso fundamental a terceira avaliación na cualificación final.

#### IMPORTANTE

1. As cualificacións que se han utilizar para o cálculo da cualificación final han ser as reais obtidas da aplicación das fórmulas matemáticas e non os enteiros que por lei deben aparecer no boletín.

2. Todas as cualificacións que cheguen na súa aproximación decimal a 5 ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación ha redundar nun beneficio para o alumnado (exemplo: unha alumna que ten como media da 1.<sup>a</sup> avaliación 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que para efectos de medias a que realmente se vai empregar é 6,57). Isto tamén rexe para a cualificación final.

3. No caso de que a cualificación da 3.<sup>a</sup> avaliación sexa inferior á da 2.<sup>a</sup>, tendo en conta que os contidos lingüísticos

son obxecto de avaliación progresiva, procederase a substituír na fórmula a cualificación orixinal da 2.<sup>a</sup> avaliación pola da 3.<sup>a</sup>.

#### INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Probas escritas. Hanse adaptar aos contidos das unidades didácticas que se avalíen.
2. Táboa de indicadores. As variedades máis usadas serán a rúbrica e a lista de cotexo.

#### **Criterios de recuperación:**

1.<sup>a</sup> Avaliación. O alumnado que non chegue ao 5 na primeira avaliación terá que facer unha recuperación durante a 2.<sup>a</sup> avaliación das unidades non lingüísticas, e non fará ningunha proba específica de recuperación durante a 2.<sup>a</sup>, xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva.

2.<sup>a</sup> Avaliación. O alumnado que non chegue ao 5 na 2.<sup>a</sup> avaliación só fará unha proba de recuperación das unidades non lingüísticas e non fará ningunha proba específica de recuperación durante a 3.<sup>a</sup>, xa que esta parte da materia é obxecto de avaliación progresiva.

Avaliación extraordinaria.

A avaliación extraordinaria establece que o alumnado ten dereito a unha proba global, do 100% da materia, da que se obteña unha cualificación final entre 0 e 10.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que un alumno pase a 2.<sup>o</sup> curso de bacharelato coa materia Latín I pendente, tanto por non ter superado o 1.<sup>o</sup> curso como por non telo cursado (por cambio de modalidade) háselle aplicar o seguinte plan de seguimento, recuperación e avaliación.

1. O alumnado afectado, por calquera das dúas circunstancias, pode seguir o curso de 2.<sup>o</sup> como o resto do alumnado dándosele por aprobada a materia de 1.<sup>o</sup> no caso de aprobar a de 2.<sup>o</sup>, sendo a cualificación de 1.<sup>o</sup> a mesma ca que obteña no 2.<sup>o</sup> curso dos aspectos relativos ao curriculum de 1.<sup>o</sup> curso. Neste caso o alumnado afectado será obxecto dunha especial atención e seguimento, que se ha reflectir nun informe individualizado ao final de cada unha das dúas primeiras avaliacións, na que a persoa docente valore o progreso.

No caso de que o informe da 2.<sup>a</sup> avaliación sexa negativo, o alumnado afectado poderá, en todo caso, facer unha proba específica semellante á especificada no seguinte punto, ao inicio da 3.<sup>a</sup> avaliación.

2. O alumnado afectado, só por non ter superado o 1.<sup>o</sup> curso habéndoo cursado, poderá facer unha proba específica durante o 1.<sup>o</sup> trimestre na que se obtén un 5 ou cualificación superior, daráselle por superada a materia recibindo a cualificación obtida, tendo en conta os criterios de redondeo establecidos nesta programación.

### **5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias**

O alumnado que queira cursar Latín II sen cursar previamente Latín I terá dita materia como pendente. E por iso polo que o alumnado estará ao disposto no establecido no punto 5.3 desta programación.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Realizada a avaliación inicial (AI) e en coordinación co Departamento de Orientación, hanse poñer en práctica as medidas de atención á diversidade que correspondan. As máis frecuentes neste curso serán as ordinarias e, dentro destas, as que se recollen na seguinte enumeración:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Trátase neste punto, por exemplo, da colocación do alumnado na aula (proximidade á persoa docente, agrupación en parellas, etc.).
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Programas de recuperación. A elaboración dun programa específico para recuperar as avaliacións e tamén a materia no seu conxunto, para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

En todo caso, a posta en práctica dunha destas medidas ou de calquera outra deberá facerse baixo a supervisión e en estreita colaboración co Departamento de Orientación e o resto do equipo educativo.

En todo caso, o alumnado repetidor será obxecto dun plan e seguimento específico a través dun curso específico na aula virtual do centro.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X		
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.								X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.								
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17	UD 18
ET.1 - A comprensión de lectura.	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.		
ET.4 - A competencia dixital.	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial.	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X
ET.7 - A educación emocional e en valores.	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero.	X	X
ET.9 - A creatividade.	X	X

### Observacións:

\*\*\*

1. A comprensión de lectura e a expresión oral e escrita son elementos transversais desta materia, deseñada para que o alumnado mediante a lectura aprenda a se expresar por escrito e de forma oral. Estes elementos estarán constantemente presentes no traballo de aula.
2. A competencia dixital será traballada a través da realización de traballos en formato electrónico e da utilización constante da aula virtual e recursos accesibles a través da rede.
3. A comunicación audiovisual será traballada especialmente mediante a elaboración de traballos que inclúan a produción de vídeos e recursos audiovisuais propios; tras o visionado de elementos audiovisuais propostos a modo de exemplo tanto nas unidades de carácter lingüístico como nas de non lingüístico.
4. O emprendemento social e empresarial será obxecto de traballo específico nas diferentes unidades, nas que se han empregar textos relacionados coa historia de Roma e a evolución da sociedade.
5. O fomento do espírito crítico e científico. No traballo diario na aula a incentivación da curiosidade por coñecer e valorar xustificadamente calquera aspecto da lingua latina e do mundo romano estará presente a través das reflexións do alumnado.
6. A educación emocional e en valores. A través do desenvolvemento do facer diario, transmitindo valores básicos como os de respecto a calquera tipo de diversidade, a resolución pacífica de conflitos, etc.
7. A igualdade de xénero. Suliñando todos aqueles aspectos aos que a cultura e civilización romana prestou especial importancia neste senso.
8. A creatividade. Se debe favorecer e incentivar a creatividade do alumnado en calquera aspecto da materia, pero inculcando a autocrítica para evitar todo tipo de invención propia ou adquirida.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1. Asistencia ao festival de teatro clásico organizado pola SEEC Galicia	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana nalgunha das sedes deste festival.		X	
2. Visita Museo de Pontevedra.	O alumnado visitará baixo o título de "Aras, estelas e miliarios" os fondos epigráficos para coñecer de primeira man os vestixios da nosa cultura romana.	X		
3. Visita á Grecia clásica.	O alumnado visitará os recintos arqueolóxicos máis salientables ubicados en Grecia.			X
4. Visita a un xacemento arqueolóxico tipo Baelo Claudia.	O alumnado visitará un xacemento arqueolóxico, no que se traballe con restos arqueolóxicos de época romana.		X	

### Observacións:

A asistencia á representación de obras de teatro clásicas é unha actividade angular da materia, dado que en función destas representacións hanse marcar as lecturas do curso. Temporalización: mes de febreiro - marzo, en función das obras e sede que se escollan.

A visita ó Museo de Pontevedra plantéasase com actividade extraescolar. Temporalización: mes de xaneiro.

A visita do Museo Arqueolóxico Nacional (MAN) é con diferenza a actividade máis importante do curso nesta materia. Pódese vincular e/ou coordinar con outro departamento ou poderase facer de modo autónomo. Temporalización: 3.º trimestre, a poder ser ao final da 3.ª avaliación para non interferir nos posibles programas de recuperación doutras materias. Duración: 1 día, collendo un avión cedo pola mañá do aeroporto máis próximo e retornando tamén por avión durante a tarde (a poder ser en venres, para que o alumnado non teña que espertar cedo ao día seguinte).

A visita un xacemento arqueolóxico é unha actividade de difícil temporalización, debido a que a oferta educativa de visitas guiadas e dramatizada e a o seu centro de interpretación ten unha oferta que depende do xacemento en si mesmo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Outros
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
4. Póñense en marcha con celeridade as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e a labor docente debe ser alto e responde ao planificado na programación.

## Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais na programación e esixen poderen ser medidos, fundamentalmente mediante una enquisa con ítems que recpññan ps distintos aspectos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro do docente debe revisar con regularidade que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas, así como as súas causas, deben ser consignadas nas actas de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. A propia aplicación PROENS estableceza un seguimento por UD e marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. O docente, no desenvolvemento da súa actividade diaria, ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas, porque en caso contrario pode por de manifesto unha dificultade actitudinal por parte dalgún dos alumnos. Este acerto na previsión permitirá ó docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado. Instrumento: táboa de indicadores onde se exprese a relación entre o resultado previsto e o resultado conseguido.

4. A avaliación deste indicador de logro fáse a principios do curso, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debe estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación e contacto habitual co Departamento de Orientación.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia e máis coa función docente debe ser alto e responde ao planificado na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula polo docente pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O mellor procedemento para medir este indicador de logro é un cuestionario electrónico e anónimo que se propondrá ao alumnado para que cubra ao final de cada avaliación. Este cuestionario debe permitir que o alumnado valore os seguintes aspectos: 1) A súa satisfacción cos contidos da materia; 2) A súa satisfacción coa metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula; 3) A súa satisfacción coa labor docente e o trato por esta dispensado (que non o que o alumno considere). Estes tres bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento básico para a introdución de modificacións na programación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

Ao remate de cada unidade didáctica hase proceder a consignar no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS os datos que esta requira (data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións). Ademais, unha vez ao mes, na acta da reunión de departamento, hase facer cando menos unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- Resultados académicos do grupo.
- Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas.
- Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a unha serie de propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Grego II	2º Bac.	4	116

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

A materia de Grego ten como principal obxectivo o desenvolvemento dunha conciencia crítica e humanista desde a que poder entender e analizar as achegas da civilización helena á identidade europea, a través da lectura e a comprensión de fontes primarias e da adquisición de técnicas de comprensión de textos que lle permitan ao alumnado utilizar estas fontes de acceso á Antigüidade grega como instrumento privilexiado para coñecer, comprender e interpretar os seus aspectos principais. Por iso, a materia vértébrase arredor de tres eixes: a lingua, os textos e a súa comprensión; a aproximación crítica ao mundo grego; e o estudo do patrimonio cultural e o legado da civilización grega.

A comprensión do texto está no centro dos procesos de ensino e aprendizaxe das linguas e culturas clásicas. Para entender criticamente a civilización helena, o alumnado de Grego localiza, identifica, contextualiza e comprende os elementos esenciais dun texto, progresando nos coñecementos de morfoloxía, sintaxe e léxico grego e, de ser o caso, o uso oral e escrito da lingua grega baixo a guía do profesorado. Ademais destes saberes de carácter lingüístico, o uso activo do grego, a comprensión do texto e a súa tradución son procesos clave que permiten activar saberes de carácter non lingüístico.

As técnicas e estratexias implicadas no proceso de comprensión dun texto e/ou a súa tradución contribúen a desenvolver a capacidade de negociación para a resolución de problemas, así como a constancia e o interese por revisar o propio traballo. Permite, ademais, que o alumnado entre en contacto coas posibilidades que este labor ofrece para o seu futuro persoal e profesional nun mundo globalizado e dixital, a través do coñecemento e uso de diferentes recursos, técnicas e ferramentas. Finalmente, o uso na aula da lingua grega, tanto oral como escrita, permitiralle ao alumnado, por unha banda, consolidar os coñecementos adquiridos e, por outra, poñer en práctica estratexias comunicativas que melloren a súa capacidade de expresión.

Así mesmo, a materia de Grego parte dos textos para favorecer a aproximación crítica ás achegas máis importantes do mundo heleno ao mundo occidental, así como á capacidade da civilización grega para dialogar coas influencias externas, adaptándoas e integrándoas nos seus propios sistemas de pensamento e na súa cultura. Ambos os aspectos resultan especialmente relevantes para adquirir un xuízo crítico e estético nas condicións cambiantes dun presente en constante evolución. Esta materia prepara o alumnado para comprender criticamente ideas relativas á propia identidade, á vida pública e privada, á relación do individuo co poder e a feitos sociopolíticos e históricos, por medio da comparación entre os modos de vida da antiga Grecia e os actuais, contribuíndo así a desenvolver a súa competencia cidadá. Estes obxectivos ofrecen, polo tanto, a oportunidade de establecer un diálogo profundo entre presente e pasado desde unha perspectiva crítica e humanista: por un lado, situando o texto, a súa comprensión e/ou a súa tradución e, de ser o caso, a produción linguística activa, como elementos fundamentais na aprendizaxe das linguas clásicas e como porta de acceso á súa cultura e civilización, activando simultaneamente os contidos de carácter lingüístico e non lingüístico; e por outro lado, desenvolvendo ferramentas que favorezan a reflexión crítica, persoal e colectiva arredor dos textos e do legado material e inmaterial da civilización grega e a súa achega fundamental á cultura, a sociedade, a política e a identidade europeas.

Nesta programación os contidos dos catro bloques do currículo distribúense en unidades didácticas carácter cultural e lingüístico. En canto ao peso das unidades didácticas, cómpre dicir que as de gramática teñen un peso que equivale ao 25 % da materia, as de literatura, outro 25 %, reservándose o 50 % restante para as unidades didácticas de comprensión e traducións dos textos.

No apartado metodolóxico explicamos que apostamos por un ensino da lingua grega con un tratamento semellante aos das linguas modernas cos métodos chamados naturais ou activos, por iso propoñemos exercicios de comprensión e expresión oral e escrita relacionados cos textos dos autores propostos. Deste xeito podemos darlle continuidade á Grego I.

En canto á avaliación, vaise seguir tamén coa natureza inclusiva das mesmas; isto é, o peso de cada unha delas vai ser 20%, 20% e 60% da nota final respectivamente.

Finalmente, no que atinxe á avaliación da práctica docente, nesta programación propónse o desenvolvemento e utilización de enquisas ao alumnado para medir certos parámetros e o seguimento mediante táboas de valoración. Todo iso coa finalidade de mellorar a programación de cara a seguintes versións, especialmente no que se refire ás sesións dedicadas a cada UD, a distribución por trimestres, os instrumentos de avaliación e mesmo o peso de cada criterio de avaliación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos gregos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua grega, as unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os étimos e formantes gregos presentes no léxico de uso cotián, identificando os cambios semánticos que tivesen lugar e establecendo unha comparación coas linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, en especial e cando sexa posible co grego moderno, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos gregos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo heleno e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico grego á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización grega, promovendo a súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial grego como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Morfoloxía nominal	Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía nominal de Grego I: declinacións, adxectivos, pronomes, graos do adxectivo...	5	8	X		
2	Morfoloxía verbal	Repaso e ampliación dos contidos de morfoloxía verbal de Grego I: modos e tempos verbais, formas nominais, verbos contractos, consonánticos, en -mi...	5	12	X		
3	Sintaxe	Coordinación: tipoloxía e conxuncións. Subordinación: tipoloxía e conxuncións.	5	8	X		
4	Léxico e etimoloxía	Estudo dos helenismos presentes nos textos de Apolodoro e Xenofonte e na selección proposta pola CIUG.	10	12	X	X	X
5	Apolodoro	Trazos lingüísticos e temáticos. Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.	25	25		X	X
6	Xenofonte	Trazos lingüísticos e temáticos. Tradución e comprensión da selección de textos para as ABAU.	25	25	X	X	
7	Literatura grega I: épica	Trazos da épica. Lectura dos cantos I, VI, XVI e XXII da Ilíada. Argumento e personaxes.	5	4	X		
8	Literatura grega II: lírica	Lírica arcaica: lectura de poemas de Arquíloco, Safo e Anacreonte. Temáticas.	5	4		X	
9	Literatura grega III: teatro	Trazos do teatro grego. Autores, obras e temática. Sófocles: Edipo Rei. Aristófanes: Asemblea de mulleres.	5	8		X	
10	Literatura grega IV: historiografía	Autores. Xenofonte e a súa obra: Anábase, Helénicas, Ciropedia...	5	5	X		
11	Literatura grega V: mitoloxía	Repaso de divindades e heroes presentes nos textos de Apolodoro.	5	5			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	Morfoloxía nominal	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos nominais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Morfoloxía verbal	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise morfolóxica dos elementos verbais e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións); flexión verbal (afondamento na tipoloxía do verbo grego).</li> <li>- Formas nominais do verbo.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Sintaxe	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada realizando análise sintáctica e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Unidades lingüísticas da lingua grega.</li> <li>- Sintaxe oracional: afondamento nas funcións básicas e sintaxe dos casos.</li> <li>- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Léxico e etimoloxía	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras tendo en conta a etimoloxía e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	PE	70
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico de termos aplicando estratexias de recoñecemento de étimos e formantes gregos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Explicar a relación do grego coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe grega e utilizando con iniciativa estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio propio.	Explicar a relación do grego coas linguas modernas analizando os elementos etimolóxicos comúns de orixe grega.		
CA3.3 - Identificar e definir palabras gregas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena, e que implican coñecementos léxicos e culturais.	Identificar e definir etimoloxicamente palabras de orixe grega que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización helena.		
CA2.3 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos referidos á etimoloxía e helenismos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade.		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización grega no ámbito etimolóxico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes.	TI	30
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización grega como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado da etimoloxía e os helenismos como fonte de inspiración analizando producións culturais e artísticas posteriores.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> <li>- Léxico grego e plurilingüismo.</li> <li>- Procedementos de composición e derivación na formación de palabras gregas.</li> <li>- Lexemas, prefixos e sufixos de orixe grega no léxico de uso común e nos léxicos especializados doutros campos.</li> <li>- Significado e definición de léxico nas linguas do repertorio lingüístico do alumnado, reflexión sobre o significado etimolóxico e o significado semántico.</li> <li>- Técnicas para a elaboración de familias léxicas e dun vocabulario básico grego de frecuencia.</li> <li>- O significado etimolóxico das palabras e recoñecemento da importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.</li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios gregos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
5	Apolodoro	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	60
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos de Apolodoro.	TI	40
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua grega, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.	Realizar a lectura directa de textos gregos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas propias do autor, asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos do grego.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos.	Rexistrar progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua grega no que se refire á comprensión dos textos seleccionados do autor proposto.		
CA1.8 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.</li> <li>- A análise morfosintáctica como ferramenta de tradución.</li> <li>- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, da contorna textual e do propio texto, do contexto, do coñecemento do tema, da descrición da estrutura e xénero, das peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, dos erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.</li> <li>- Ferramentas de tradución.</li> <li>- Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística.</li> <li>- Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto.</li> <li>- Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas.</li> <li>- A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese.</li> <li>- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.</li> <li>- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.</li> <li>- Destrezas comunicativas do uso da lingua grega.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos.</li> <li>- Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos.</li> <li>- Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en grego de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática.</li> </ul> </li> <li>- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con estudantes de grego no ámbito transnacional.</li> <li>- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Xenofonte	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos de dificultade adecuada e progresiva con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos de dificultade adecuada atendendo a aspectos morfosintácticos e léxicos.	PE	60
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.	Seleccionar o significado apropiado das palabras utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes.		
CA1.6 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole e de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos do autor proposto aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.		
CA1.7 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir oralmente ou por escrito e, a poder ser, en grego, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		
CA2.4 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos da civilización e da cultura gregas como fonte de inspiración.	Crear textos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de fragmentos de Xenofonte.		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as dos compañeiros e compañeiras, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios.	TI	40
